

**ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS A
PRESIDENTE, ASEMBLEISTAS E COMISIÓN DELEGADA DA
FEDERACION GALEGA DE
BALONCESTO 2026**

Mediante xuntanza telemática (aplicación Zoom da que dispón a Federación Galega de Baloncesto e da que solicitamos e autorizamos a correspondente gravación) e sendo ás 20:30 horas do día 16 de xullo de 2026, reúnense todos os membros que compoñen a Xunta Electoral das Eleccións a Asembleístas e Presidente da Federación Galega de Baloncesto, baixo a presidencia de D^o Jose Ramón Pereira Rodríguez, con D.N.I. xxxx714-J, a asistencia de D^o Javier Nogueira Garrido, con D.N.I. xxxx228-W, en calidade de secretario e D^a Beatriz Seoane Chao, con D.N.I. xxxx347-J, esta última en calidade de vogal.

O motivo da presente reunión, segundo dispón o artigo 22.3 da Normativa que regula o proceso de selección dos órganos de goberno da Federación Galega de Baloncesto, non é outra que a resolución das reclamacións feitas contra a resolución de data 9 de xullo de 2026 de esta Xunta Electoral proclamando a lista provisional de candidatos a asembleístas.

Polo que se refire as reclamacións presentadas en tempo e forma, esta Xunta Electoral **RESOLVE**:

1) **D. Javier Cotelo Rama, D. Rubén Fernández Vila e Dna. Aldara López Santos** presentaron reclamacións dentro do prazo legal concedido para elo, baseando as súas alegacións nos seguintes puntos:

I.- Ó considerar que a interpretación realizada pola Xunta Electoral resulta excesivamente restritiva, contraria ao principio de participación electoral e non axustada ao réxime específico aplicable á solicitude presentada.

II.- Consideran que cando a presentación se realiza a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, debe terse en conta o réxime xeral dos rexistros electrónicos establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De acordo con esta normativa, o rexistro electrónico permite a presentación de documentos todos os días do ano, durante as vinte e catro horas, rexéndose pola data e hora oficial da sede electrónica correspondente.

Os recorrentes sinalan que a aplicación automática do límite das 14:00 horas previsto no artigo 12.3 non pode prevalecer sobre o réxime específico da presentación electrónica, cando a solicitude se canalizou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou mediante o procedemento administrativo habilitado para tal fin concluíndo que a resolución impugnada incorre, polo tanto, nunha interpretación desproporcionada, restritiva e contraria ao principio de confianza lexítima.

III.- Que a propia información pública difundida sobre o procedemento de voto por correo indicaba como prazo “ata o 8 de xullo de 2026”, sen advertir de forma clara, expresa e destacada que o prazo rematase ás 14:00 horas dese día. Esta circunstancia xerou unha aparencia razoable de validez da presentación durante todo o día indicado, polo que debe protexerse a confianza lexítima da persoa interesada.

IV.- Estiman os alegantes que en materia electoral federativa, debe aplicarse unha interpretación favorable ao exercicio dos dereitos de participación, evitando exclusións baseadas en formalismos cando non exista prexuízo real para terceiros nin alteración substancial do proceso electoral, manifestando, que a finalidade do procedemento electoral debe ser a de garantir a participación democrática, a igualdade e a transparencia, sen restrinxir o dereito de participación mediante unha interpretación rigorista dun límite horario non advertido de forma suficiente na información pública do trámite.

V.- Por outra banda, igualmente expoñen que as normas electorais deben interpretarse de maneira que favorezan o exercicio efectivo dos dereitos de participación, especialmente cando a exclusión se pretende basear nun requisito horario non advertido de maneira clara na información pública do trámite e cando a presentación se realizou por unha sede electrónica administrativa habilitada.

VI.- Alegan tamén todos eles falta de información clara por parte do ente federativo.

Ante as referidas alegacións esta Xunta electoral ten a ben **DESESTIMAR** as alegacións formuladas polo Sr. Cotelo Rama, o Sr. Fernández Vila e a Sra. López Santos, baseádonos para elo nos seguintes fundamentos:

UNICO: Que segundo dispón o artigo 20.4 do Regulamento Electoral, o artigo 33 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas e o artigo 88 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, e aínda que en efecto segundo sinala o artigo 20.3 do referido Regulamento Electoral poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas no prazo de 3 días ante a Xunta Electoral, non é menos certo que **este órgano carece de competencia para resolver a pretensión de fondo plantexada, dado que segundo ó entender desta Xunta Electoral, ese acto é competencia de unha instancia superior, neste caso do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD).**

O motivo de tal inhibición da competencia, se debe a que esta Xunta Electoral, considera que ten que respetar a normativa regulamentaria, e aplicar o previsto no artigo 12.3 do Regulamento electoral, que establece claramente, que os prazos do calendario para a presentación de escritos,

reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día do prazo, salvo disposición en contrario.

Tanto o regulamento electoral para a elección de membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Baloncesto, coma o Calendario Electoral que o acompaña, foron aprobados no seu momento pola Secretaría Xeral do Deporte.

Os interesados conservan íntegro o seu dereito a plantexar e debater a cuestión material, e dicir, o fondo do asunto, ante o órgano xerarquicamente superior (CGXD), quen si conta con plena xurisdición para revisar e estimar a súa pretensión.

2) Igualmente o **Sr. Angel Castro Vaamonde** presentou escrito de alegacións contra a mencionada resolución, facéndoo en tempo e forma, baseando as súas alegacións no seguinte:

I.- Que presentou a solicitude para asembleístas e a fotocopia do DNI en tempo e forma.

Ante as alegacións manifestadas polo Sr. Castro Vaamonde esta Xunta electoral, ten a ben **ESTIMAR o seu recurso**, baseádonos para elo nos seguintes fundamentos:

UNICO: Esta Xunta Electoral non había advertido no seu momento que o DNI do Sr. Castro Vaamonde se atopa nun formato distinto o da solicitude, o que motivou que se considerara por non aportado cando en realidade si o había feito.

O artigo 109.2 da Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas permite rectificar de oficio e en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos que existan nos seus actos.

Considerando un erro de feito o exposto arriba, tense por admitido como asembleísta o Sr. Castro Vaamonde en tempo e forma e a todos os efectos, incluíndose no estamento de adestradores.

3) En base ás reclamacións presentadas en relación aos clubs **CAB Pontevedra, C.B. MARISTAS, SALESIANOS, C.B. RIO ULLA e PORRIÑO BALONCESTO BASE**, esta Xunta electoral, procede a **DESESTIMAR** as mesmas.

I- Basean os reclamantes a súas alegacións nos seguintes puntos:

1º) Con data 9 de xullo de 2026 foi publicada resolución por parte desta Xunta Electoral, pola que se denegou a solicitude ás súas candidaturas a membro da Asemblea Xeral da FEGABA dos clubs CAB Pontevedra, C.B. MARISTAS, SALESIANOS, C.B. RIO ULLA e PORRIÑO BALONCESTO BASE de acordo co establecido no artigo 12.2 do Decreto 16/2018, de 15 de

febreiro de 2018 ao considerar que, só se podería solicitar que figurasen como representantes dunha entidade deportiva unha persoa distinta da presidencia, se esa solicitude se efectuase durante o prazo de exposición e reclamacións ao censo electoral inicial.

2º) Os Recorrentes manifestan a súa desconformidade coa resolución denegatoria, alegando en síntese, que non se solicita que unha persoa distinta á presidencia ostente a representación, se non, que é o propio presidente, o que ostenta a representación directa e asina a solicitude.

- Ante as referidas alegacións esta Xunta electoral ten a ben desestimar as alegacións baseádonos nos seguinte fundamentos:

PRIMEIRO: con data 3 de xullo de 2026 publicáronse os censos electorais definitivos nos que consta como presidentes e representantes do CAB Pontevedra PEDRO GARCIA ALONSO, do C.B. MARISTAS MARÍA JESÚS SANJURJO FRAGA, do SALESIANOS LORENZO RAMOS HERNANDEZ, do C.B. RIO ULLA JUAN B. OTERO GONZALEZ e do PORRIÑO BALONCESTO BASE PORRIÑO BALONCESTO BASE.

SEGUNDO: O artigo 20.1 do Regulamento electoral establece: "Poderá ser persoa candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente ou por correo electrónico enviado á seguinte dirección elecciones@fegaba.com, solicitude que deberá ser habilitada pola xunta electoral e que se dirixirá a mesma; xunto a solicitude aportarase copia do DNI, pasaporte ou, se e o caso, autorización de residencia no prazo de 4 días."

Este artigo, en relación co 17.2 do mesmo regulamento, aclara que "O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (NIF, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas, a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo."

Esta Xunta Electoral, entende así, que a representación, durante todo o procedemento electoral, será única e exclusivamente da persoa que figure no censo electoral definitivo como representante do club, sendo este o que debe presentar a candidatura a asembleístas.

Os censos electorais, tal e como se pode observar no artigo 8 do Regulamento electoral e no artigo 12 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, por el que se establecen las bases y los criterios para la elaboración de los reglamentos electorales que deben regir la realización de los procesos electorales en las federaciones deportivas gallegas, están sometidos a período de exposición pública, permitindo formular aos posibles interesados as aclaracións, rectificacións ou reclamacións que estimen procedentes, durante dito prazo, mediante escrito remitido á Xunta directiva, que valorará


os escritos presentados procedendo, no seu caso, á emenda ou correccións do censo.

Esta Xunta electoral, non ten constancia de que os recurrentes teñan presentado ningún escrito ó efecto e polo que, de conformidade ó exposto está Xunta débese manter no sentido da resolución anterior.

E non existindo máis asuntos que tratar dáse por rematada a reunión sendo ás 22:50 h do día da data.

Asdo :Dº Jose Ramón Pereira Rodríguez
(Presidente)

PEREIRA RODRIGUEZ
JOSE RAMON -
34936714J




Firmado digitalmente por
PEREIRA RODRIGUEZ JOSE
RAMON - 34936714J
Fecha: 2026.07.17 11:03:28
+02'00'

Asdo: Dº Javier Nogueira Garrido
(Secretario)

Firmado por NOGUEIRA
GARRIDO JAVIER -
***1022** el día
17/07/2026 con un

Asdo: Beatriz Seoane Chao
(Vogal)

SEOANE CHAO
BEATRIZ MARIA
- 32684347J



Firmado digitalmente
por SEOANE CHAO
BEATRIZ MARIA -
32684347J
Fecha: 2026.07.17
11:09:35 +02'00'